

Programa ERASMUS+
Convocatoria de mobilidade para PERSOAL SAÍNTE
Proxecto 2020-1-ES01-KA107-081561



Beneficiario
Carlos Luis Oro Claro

University of Arts. Tirana, Albania.

8 – 12 maio, 23

Índice:

- ▶ **Prólogo**

- ▶ **Roma:**

 - Lazio digital**

 - Cinecittá**

 - Escola nacional de cine**

 - Cinemateca**

- ▶ **Albania:**

 - Universitati Arteve**

 - Ópera**

 - Encontro con produtor de documentais**

 - Visita cultural a Kruja.**

 - Filmoteca**

 - Centro nacional de cinematografía**

- ▶ **Proposta de actividades**

- ▶ **Visitas pendentas recomendadas**

Prólogo

Albania é un destino recorrente para o profesorado de CIFP Imaxe e son. Xa viaxamos a Tirana Elisa, Mercedes, Isabel, e este curso 22-23, Ariadna, Nerea e máis eu. A razón é simple, o consorcio CARTES ofrece ao profesorado da escola tódolos anos dúas prazas aos países balcánicos.

Albania é barato, a beca alcanza para estar ben unha semana en Tirana. Tes moita oferta de voos e o aloxamento é doado de contratar. É un destino seguro. Ter unha mobilidade de luns a venres nun país extranxeiro é unha oportunidade profesional pero tamén persoal para visitar outros lugares interesantes. Daquela, ten en conta que terás un venres pola tarde, sábado e domingo dispoñible antes de chegar ao lugar de destino e terás tamén un venres pola tarde, sábado e domingo ao rematar a mobilidade. Certo, os gastos destes días corren pola túa conta.

No momento que iniciiei a busca de voos baratos para ir desde A Coruña / Santiago a Tirana descubrín dúas cousas: que era case obrigado facer escala en Barcelona ou nos aeroportos italianos de Milán ou Roma, e que as compañías aéreas máis económicas son Ryanair, Vueling e Wizz Air. Entre Skyscanner, e as aplicacións das tres compañías aéreas anteriores a contratación dos voos foi simple.



Ida:


Volta:



No meu caso, ao rematar a clase do mércores fun ao aeroporto da Coruña, fixen noite en Barcelona. O xoves pasei por Roma e tiven logo unha clase virtual a distancia; o venres visitei unha Escola de videoxogos, Cinecittá, a Scuola de cine de Roma e a Cinemateca; o sábado fun á Basílica de San Pedro e ao museo do Vaticano, voei a Tirana. De luns a venres participei nas actividades programadas pola Universidade de Arte. Á volta voei de Tirana a Milán (Bérgamo), pasei o día de visita e pola noite viaxei de Milán (Bérgamo) a Santiago de Compostela.

A viaxe de ida Coruña – Barcelona – Roma – Tirana custou uns 325 euros e a volta Tirana – Milán (Bérgamo) – Santiago de Compostela non chegou aos 150 euros.

A estancia é doada de xestionar a través de aplicacións tipo Booking. Tanto podes contratar unha habitación de hotel como un aloxamento Airbnb. Por 300 euros é doado atopar un aloxamento de calidade. Vai no mapa a área recomendada: a liña que une a Universidade coa Praza de Skënderberj:



As mobilidades de CARTES teñen unha característica a ter moi en conta e é que as persoas beneficiarias deste tipo de becas pertencen a disciplinas que teñen en común a ARTE, pero temos intereses moi distintos: somos de Belas artes, Música, Arqueoloxía, Arte dramático, Audiovisual... Xa que logo, a máis das

veces as Universidades de destino e as actividades programadas non encaixan ao 100% cos nosos intereses.

Tede en conta que CARTES ofrece un "Básico" de actividades pero cada beneficiario pode preparar a mobilidade para adecuala aos seus propios intereses. Daquela, as actividades programadas poden ser:

- ▶ O paquete "Básico" definido por CARTES.
- ▶ A persoa beneficiaria a través do Consorcio CARTES pode solicitar encontros con responsables de institucións, escolas ou empresas. O centro de acollida ocuparase de xestionar a cita.
- ▶ Visitas a outras Institucións / empresas / persoas... xestionadas persoalmente pola persoa beneficiaria sen intervención de CARTES ou do Centro de acollida.

Vai, a modo de exemplo o calendario da miña mobilidade:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
<ul style="list-style-type: none"> ▶ Recepción. ▶ Visita Universidade. ▶ Reunión Profesorado Cine. ▶ Visita exposición pintura do Rector. 	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Encontro con alumnas CIFP Imaxe e son. ▶ Visita actividade Moda de Vogue Italia. ▶ Reunión responsable Departamento Multimedia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Concerto de Guitarra. ▶ Presentación Centros de formación de profesorado mobilizado. ▶ Visionado e clase sobre o documental elaborado por unha alumna da Universidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Visita cultural a Kruje 	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Visita á Filmoteca de Albania. ▶ Visita ao Centro de Producción de Albania.
	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Comida profesorado e alumnado. 			
	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Asistencia á Ópera. 	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Entrevista con Produtor documentais e Profesorado da Universidade. 		

En asuntos de diñeiro tenen conta que na maioría dos establecementos tes que pagar en Lek, a moeda local, en poucos sitios aceptase o euro e en menos a tarxeta de crédito. O cálculo do cambio de moeda é doado de entender, revisa e actualiza a información pero máis ou menos 1 euro é igual a 100 leks. Tes bancos nos que sacar diñeiro, tanto euros como Leks.

Lembra que Tirana non é Europa e iso ben o saben as compañías telefónicas. Presta atención aos servizos que te ofrece a túa compañía, revisa as condicións do teu rooming. Para comunicarte sin sobre custe o ideal é mercar ao chegar ao aeroporto unha tarxeta con conexión a internet e tirar de whatsapp para facer as chamadas.

Visitar outras cidades do país non é doado, en Albania non existe o servizo de tren e os autobuses teñen horarios moi reducidos e imprevisibles. Sempre tes a opción de contratar un taxi pero pode resultar caro. Para que te fagas unha idea, o aeroporto está a uns 17 kilómetros / 30 minutos de Tirana e o traxecto custa aproximadamente 20 euros.

O traballo de preparación da mobilidade importa. Trata de consultar asuntos sobre o país e sobre a situación do sector que te interese. Fala con compañeiros que xa viaxaron ao lugar. A xente é moi aberta, amable e atenta. Terás moitas oportunidades de chegar a donde te propoñas, depende en gran medida de ti.

Finalmente,

Tirana está crescendo. Agora mesmo están en construción máis de dez rañaceos, existen intereses de países como Rusia, Turquía, EE.UU, China e mesmo Europa na zona. Está claro que en breve Albania será como Croacia e Grecia.

Albania é hoxe unha lugar de oportunidades para emprender negocios, tamén para o sector audiovisual. As representacións teatrais, o audiovisual, a música están moi presentes na rúa. Existe un tecido empresarial que pode estar interesado en recibir ao noso alumnado en prácticas. As becas Erasmus+ son moi reducidas para alumnado de Formación superior pero para vivir en Albania son suficientes.


Xa que logo, Albania pode ser un lugar de preferencia para que o noso alumnado faga as prácticas en empresa a través de becas de mobilidade para a formación Erasmus+.

O camino está trazado, toca andalo.

Xoves 4 maio

El miércoles por la noche viajé a Barcelona. Al día siguiente volé al aeropuerto de Fiumicino. Tomé el tren, en media hora estaba en Estación Términi, en Roma. Me instalé en el hotel Stromboli. Comí pasta. Por la tarde tuve clase on line con el alumnado de Planificación de proxectos audiovisuais, tocaba hablar de presupuestos. Se acabó la clase. Salí.

Paseo atento por Roma: Estación Términi, Coliseum, Piazza Venecia, Fontana di Trevi y cena en el templo de todos los dioses: en el Pantheon.



Vuelta caminando al hotel. Luna llena. Los turistas fueron dejando su sitio a los romanos, cualquiera de ellos podría ser figurante de alguna película de Passolini.



Mucha ARTE, muchas VIDAS.

Venres 5 maio

Amaneció. Tenía planificada una cita a ciegas en Lazio digital <https://www.laziodigital.it/> Mi contacto era Francesca pero el día de mi llegada a Roma abrí un correo suyo, decía algo así " ... debido a un asunto inesperado no podré recibirte". Me acerqué a la escuela, tenía curiosidad por verla aunque fuese desde fuera. Aquí esta:



Llegué, piqué el telefonillo, entré, salió a mi encuentro Giulia Massei, tutora del curso Game developer.



Giulia me enseñó las instalaciones, me informó sobre la identidad/ financiación de la escuela, programa/actividades, profesorado/ alumnado, de las relaciones con las empresas...

La información detallada está aquí:

Curso Game Developer <https://www.iscrizioneits.it/iscrizioni/lazio.php>

Entramos en una clase, había unha treintena de alumnos, me presenté. Charlamos durante diez minutos sobre sus actividades de aula, proyectos, les hablé de CIFP Imaxe e son: quiénes éramos, de donde venimos y a donde vamos CIFP Imaxe e son.

Giulia me presentó a Marzia Campalia, communication manager, y a Francesca Piscitiello, tutora de la especialidad de Developer 1.0. Tomamos un café de despacho, hablamos de movilidades y de proyectos. Me regalaron una camiseta, nos hicimos una foto. Quedamos en volver a vernos. Me entregaron esta tarjeta.

GIULIA MASSEI - TUTOR GAME DEVELOPER
MARZIA CAMPALIA - COMMUNICATION MANAGER
FRANCESCA PISCITIELLO - TUTOR DEVELOPER 1.0



Esa misma mañana fui a la memoria y al presente del cine italiano: Cinecittá, <https://cinecittastudios.it/>



Para ir al pasado se paga unha entrada y se puede visitar una sala de exposición dedicada a Fellini, otra sala con fotografías de dirección de arte y vestuario clásico de películas de los 40's / 60's, otra más en la que se hacen jornadas didácticas con alumnado de primaria. Se puede visitar también un chalet en el que se grabó para televisión la versión italiana de "Médico de familia". Mientras vas de un sitio a otro varios carpinteros construyen un decorado. Hay también un bar cafetería en el que se puede hacer un descanso y tomar algo.



Si lo que quieres es entrar en los platós en los que se está grabando actualmente lo mejor del cine italiano e internacional debes saber que tan sólo está permitido el acceso a visitantes los sábados. Si te interesa una visita profesional deberás gestionarla con anticipación a través de la web. No es fácil.

Durante la visita a Cinecittà me encontré con Clara, una profesora de IES imaxe e son de Vigo que estaba haciendo una job shadowing en el Centro Sperimentale di cinematografía.

Allí nos fuimos. <https://www.fondazionecsc.it/cineteca-nazionale/>

Estaba cerca. Caminamos unos cinco minutos y llegamos a la garita de seguridad de los edificios compartidos por la Scuola Nazionale de cinema y de la Cineteca Nazionale.



A súa web deixa claro donde entramos:

Escuela Nacional de Cine

"Un lugar donde se estudia, se aprende y se hace cine. Un lugar donde los grandes maestros transmiten su experiencia y su pasión a sus alumnos. Un lugar donde el cine se encarna en los artistas que vienen al encuentro de nuestros estudiantes: de Scorsese a Sorrentino y muchos grandes más del cine italiano e internacional."

A titulación é de tres anos. A asistencia é obrigatoria. A formación está destinada a estudantes tanto de Italia como do estranxeiro. As aulas son en italiano.



Accédese a través dunha Convocatoria na que se considera tanto o Talento a Motivación e como a personalidade. Os candidatos deben superar unha primeira proba escrita, logo unha proba oral. Quen supere as dúas probas anteriores é convidado a participar nun seminario dunha semana de duración. Finalmente, o alumnado é seleccionado.

As prazas ofertadas cada curso son moi limitadas, poden consultarse en:

<https://fondazionecsc.b-cdn.net/wp-content/uploads/2023/04/Bando-di-selezione-triennio-2023-26.pdf>

En síntese:

La Sede di Roma:

- 6 posti per il corso di Costume
- 6 posti per il corso di Fotografia
- 6 posti per il corso di Montaggio
- 9 posti per il corso di Produzione
- 6 posti per il corso di Regia
- 6 posti per il corso di Scenografi

- 9 posti per il corso di Suono
- 6 posti per il corso di Visual Effects Supervisor & Producer

As especialidades impartidas poden consultarse en:

<https://www.fondazioneccsc.it/corsi-triennali/>

Entre outras son:



- ▶ Produzione
- ▶ Regia
- ▶ Fotografia
- ▶ Suono
- ▶ Animazione

Ao final do terceiro curso a Escola outorga o histórico diploma CSC, equivale a unha licenciatura de tres años.

Clara tiña unha cita con María Assunta Pimpinelli, responsable da área de patrimonio e collezioni filmiche. María levounos por todas as dependencias da cinemateca, presentounos a canto persoal atopamos polo camiño. Asistimos a unha clase improvisada do equipo de restauración sobre a recuperación e conservación de filmes históricos. Vimos a proceso de control de calidade que seguen as películas de préstamo que saen e entran na cinemateca.



Baixamos às entrañas do edificio, fumos ao encontro de Rossellini, Fellini, Ferrari...



Luns 8 maio



TIRANA, ALBANIA. UNIVERSITATI ARTEVE.
<http://www.uart.edu.al/index.php?lang=2>

O grupo de profesorado mobilizado por CARTES quedamos na entrada da Universidade ás 10:00h. En total estabamos sete persoas: María de EASD Falcón de Lugo, Mónica, Graciela e Guil de IES imaxe e son de Vigo, José Luis e outro compañeiro do que non lembro o seu nome do conservatorio de Granada, e máis eu.

Recibiunos Peter Guralami, profesor de música, coordinación de internacional da Universidade de Artes é actual responsable da xestión de mobilidades de alumnado e profesorado a través do Consorcio CARTES.



Peter visitou Galicia en varias ocasións; coñece a nosa escola, coincidiu con Elisa Vecino cando era coordinadora de internacional.

Peter fixo unha introdución á Institución, informounos do programa de actividades e presentounos aos mentores de cada especialidade: Música, Belas Artes e Artes escénicas. Iniciamos a visita.





O grupo de Audiovisual estabamos formado polo profesorado de IES imaxe e son de Vigo e de CIFP Imaxe e son da Coruña. O noso mentor foi Alert, profesor de produción audiovisual. Acompañáronnos nesta actividade María, profesora de Belas Artes en Lugo, e o seu mentor Petraq.

A primeira parada foi nunha aula na que a profesora Talilanda Jupi impartía unha clase de "Voice and speech" Foi moi amable, presentounos ao seu alumnado. Fixemos esta foto:



↑ → Alert. 1.º curso de Audiovisual
"ALERT" → Producción
ENO MILKANI → Profesora
-ELIS MATAJ → Profesora de clase / Doctora
MICHAEL, 1.º curso
↓
PETRAQ PAPA (Vice Dean of Fine Arts)
petraq.papa@gmail.com
+355/672067100
VICE DEAN OF FINE ARTS
FACUTY

Durante a visita fomos presentados ao profesorado do centro. Con catro deles tiven varias reunións durante a semana da mobilidade:

Alert_
Mentor do profesorado de audiovisuais.
Profesor de Produción.

Eno Milkani_
Profesor de cine (Primeiro curso)

Elis Mataj_
Profesor de documental (segundo curso)

Petraq Papa_
Vice Dean da Universidade Fine Arts e
profesor de deseño gráfico.

Visitamos tamén a sala de montaxe do departamento de Multimedia. A profesora ensinounos un traballo fin de curso, unha videocreación sobre a Identidade e o Territorio. Moi meritorio. A sala ten oito ordenadores mac e traballan preferentemente sobre obras audiovisuais experimentais.



Visitamos tamén o teatro. Estaba en Obras.



A Facultad de Artes Escénicas ofrece programas de estudos de primeiro ciclo de tres anos de duración. Ao término da formación o Diploma expedido é:

1.BACHELOR'S DIPLOMA IN ACTING

2.BACHELOR'S DIPLOMA IN THEATRE DIRECTION

3.BACHELOR'S DIPLOMA IN SCENOGRAPHY-COSTUMOGRAPHY

4.BACHELOR'S DIPLOMA IN CHOREOGRAPHY

5.BACHELOR'S DIPLOMA IN FILM AND TELEVISION DIRECTION

Rematado o primeiro ciclo o alumnado pode estudar un ano máis e realizar estudos de segundo ciclo. o Diploma expedido é:

"MASTER OF ARTS" IN STUDY PROGRAMS:

1.ACTING AND TEACHING

2.THEATRE DIRECTION AND TEACHING

3.SCENOGRAPHY-COSTUMOGRAPHY AND TEACHING

4.CHOREOGRAPHY AND TEACHING

5.FILM AND TELEVISION DIRECTING AND TEACHING

Son moi poucos alumnos por especialidade. En cada curso de Film and Television Direction están matriculados entre 8 e 12 alumnos.

Durante o primeiro curso realizan unha curtametraxe de ficción con cámara fixa, no segundo curso dirixen un documental e no terceiro unha ficción de temática e estilo libre.

O alumnado do MASTER dirixe una ficción financiada polo Centro Nacional de cinematografía de Albania producida por unha empresa externa socia da Universidade.

O profesorado e as especialidades son:

http://uart.edu.al/media/Personeli_akademik_FAS_22_23.pdf

FAKULTETI I ARTIT SKENIK PERSONEL AKADEMIK ME KOHË TË PLOTE 2022 - 2023

Nr.	DEPARTAMENTI	EMRI	MBIEMRI	SHKENCORE / TITULLI AKADEMIK / POZICIONI
1	AKTRIM DHE TEORI	KASTRIOT	CAUSHI	PROFESOR
2	AKTRIM DHE TEORI	PETRIT	MALAJ	PROFESOR
3	AKTRIM DHE TEORI	GAZMEND	GJOKA	PROFESOR
4	AKTRIM DHE TEORI	ERMIRA	GJATA	PROFESOR
5	AKTRIM DHE TEORI	ALFRED	TREBICKA	PROFESOR
6	AKTRIM DHE TEORI	ALTIN	BASHA	PROFESOR
7	AKTRIM DHE TEORI	ELIDA	RAPTI	PROF. ASOC. DR.
8	AKTRIM DHE TEORI	EMA	ANDREA	PROF. ASOC.
9	AKTRIM DHE TEORI	GËZIM	RUDI	PROF. ASOC.
10	AKTRIM DHE TEORI	ESMERALDA	SELITA	DOC. DOKTOR
11	AKTRIM DHE TEORI	ERVIN	MENIKO	DOKTOR
12	AKTRIM DHE TEORI	ROVENA	LULE (KUKA)	DOKTOR
13	AKTRIM DHE TEORI	FLORA	LAZE	DOC. MASTER

PROFESORADO DE DIRECCIÓN DE CINE E TELEVISIÓN

17	REGJI, REGJI FILMI & TV	MILTIAZH	KUTALI	PROFESOR
18	REGJI, REGJI FILMI & TV	DONARD	HASANI	PROFESOR. DR
19	REGJI, REGJI FILMI & TV	ANETA	MALAJ	PROFESOR. DR
20	REGJI, REGJI FILMI & TV	MEHMET	XHELILI	PROFESOR
21	REGJI, REGJI FILMI & TV	ARBEN	KUMBARO	PROFESOR
22	REGJI, REGJI FILMI & TV	BESNIK	BISHA	PROFESOR
23	REGJI, REGJI FILMI & TV	ALERT	ÇELOALLAJ	PROF.ASOC.
24	REGJI, REGJI FILMI & TV	GENC	FUGA	PROF.ASOC.
25	REGJI, REGJI FILMI & TV	ZAMIR	KOKONOZI	PROF.ASOC.
26	REGJI, REGJI FILMI & TV	TAULANDA	JUPI	PROF.ASOC.
27	REGJI, REGJI FILMI & TV	ROZINA	KOSTANI	PROF. ASOC. DR
28	REGJI, REGJI FILMI & TV	ELIS	MATAJ	DOKTOR
29	REGJI, REGJI FILMI & TV	JONI	SHANAJ	AS. LEKTOR
30	REGJI, REGJI FILMI & TV	ANILA	VARFAJ	AS. LEKTOR
31	REGJI, REGJI FILMI & TV	ENO	MILKANI	AS. LEKTOR
32	REGJI, REGJI FILMI & TV	REDJAN	MULLA	AS. LEKTOR
33	REGJI, REGJI FILMI & TV	ELVIS	LULE	AS. LEKTOR
34	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	ERALD	BAKALLI	PROFESOR. DR
35	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	ILIR	MARTINI	PROFESOR
36	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	ORION	SHIMA	PROF.ASOC.
37	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	KOZETA	BAKIU	PROF.ASOC.
38	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	ROBERTA	NDOKAJ	PROF.ASOC.
39	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	ARTAN	IBERSHIMI	PROF.ASOC.
40	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	BERINA	KOKONA	PROF.ASOC.
41	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	TAULANT	PUSTINA	PROF.ASOC.
42	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	ARTUR	SELMANI	AS. LEKTOR
43	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	ELONA	NALLBANI	AS. LEKTOR
44	SKENOG.KOSTUM.KOREOG.	ENED	KUKA	AS. LEKTOR



Rematamos a visita á Universidade asistindo á inauguración da exposición pictórica do artista Dr. Artan HOXHA, Rector da Universidade.



Martes 9 maio

Nora, Jimena, Mencía e máis eu fixemos unha quedada ás 10:00h. da mañá na porta da Universidade.



O día anterior intercambiáramos correos. Tiñamos plan para hoxe: VOGUE Italia viña á Universidade a facer unha reportaxe de Moda. Alí estivemos.



A posta en escena foi moi á italiana, con moito estilo. A actividade amosaba as distintas propostas de vestidos deseñados polas alumnas do centro. Cada obra tiña o mesmo tecido e cor, cada unha tiña distinta FORMA. Houbo discursos, música, desfile, fotos e aplausos. Todo moi interesante.

Rematado o acto tomamos un café. Compartimos momento: Petraq Papa, Mencía, Nora, Jimena e máis eu. Falamos de moitas cousas pero dedicamos especial atención ao proxecto documental que en breve porían en marcha as alumnas. O asunto é complexo, en síntese... as alumnas debían elixir titor do proxecto, ou ben a Petraq (multimedia) ou a Elvis (Audiovisual).

Chegou a hora de xantar. Todo o profesorado mobilizado por CARTES e as nosas alumnas fumos comer, elas foron as anfitrionas, seleccionaron restaurante. Entramos, comida tradicional, todo moi abundante e rico. Ao postre tocou negociar a compra das entradas para a ópera desa mesma tarde, o dono do restaurante tiña un contacto. Fixo un par de chamadas e listo.

Fin de comida e cada quen fixo o seu descanso. Eu, non. Cheguei ao hotel. Tiña unha sesión virtual vía webex co alumnado de Planificación de proxectos audiovisuais a distancia. Rematou a clase. Taxi e á Ópera.



A Ópera contaba momentos da historia do heroe nacional. A posta en escena foi sobria e elegante. A obra estaba estruturada en nove bloques, en cada un deles, como fondo, unha animación estilizada.



Ao remate da sesión falei co produtor executivo e soliciteille unha visita guiada polas instalación do teatro para as nosas alumnas. Aceptou. Quedaron para o día seguinte a última hora da mañá.


Sáímos da representación. Refrescaba en Tirana, caía o día. Sentamos nunha terraza da praza Skênderberj. Pedimos unha caña.



Fin de xornada.

Mércores 10 maio

Chegou o día de ir ao encontro do alumnado. José Luis, profesor de Guitarra de Granada, deu un concerto de guitarra para o alumnado do conservatorio. Asistimos tódolos beneficiarios da beca CARTES: alumnado e profesorado. Logo dividímonos en dous grupos, o profesorado de Vigo presentou o IES imaxe e son ao alumnado da Universidade.




Jimena, Mencía, Nora máis eu tiñamos unha cita co alumnado do profesor Elvis Lule. O profesor Elvis propúxome visionar un documental dirixido por unha das súas alumnas de segundo curso. Subimos as escaleiras da aula.




Visionamos o proxecto, comentei e valorei o documental. Moi interesante



Rematada a sesión, os profesores implicados e as alumnas fixemos un café largo para falar sobre o proxecto documental das nosas alumnas e tamén sobre o programa formativo da especialidade de audiovisual na universidade. Ao remate do café é solicitei a Elvis un encontro cun produtor de cine/documental local. Aceptou. Elis Mataj apuntouse e xunto a Elvis Lule quedamos ás 17:00h.



Chegou a hora. Estabamos nunha dependencia exterior da universidade, intercambiamos agasallos, Elvis regaloume un libro en inglés e eu a el unha botella de viño italiano. Fumos tomar un café a un local mexicano. Alí estaba esperándonos o produtor de documentais local. Falamos de política, da sociedade, de arte, de cine... da vida.



A idea estaba clara, obxectivo cumprido. Pasamos unha tarde entre persoas que andamos no mesmo, en confianza. Foi doado, o documental foi quen de propiciar un encontro entre un cristiano, un musulmán un ortodoxo e un galego. De chiste...

Quedan contactos feitos, serios, para vindeiras experiencias.

Xoves 11 maio

A visita a Kruje tiña algo de simbólico pero tamén de sociolóxico. A maioría dos expedicionarios tiñamos curiosidade por visitar algunha vila tradicional albanesa. Logo de consultar ao persoal do lugar decidimos ir ao pobo de Skënderberj. Contratamos dous taxis. Viaxamos durante unha hora por estradas locais cruzando pequenas aldeas...

Chegamos a Kruje, facía un día luminoso.



Durante a revolta albanesa de 1432-1436 a cidade de Kruje foi asediada polos otomanos. Skënderberj refuxiouse no castelo e dirixiu a un exército de non máis de 3.000 homes. Resistiron a tres asaltos dos turcos. Hoxe é un centro turístico e unha fonte de inspiración para o pobo albanés.

Tiñamos tres horas para disfrutar da experiencia. Visitamos o castelo. A natureza semellaba moito a Galicia. Había moitas tendas de souvenirs. Tamén varios restaurantes...

Tiñamos fame. Nun dos restaurantes estaban comendo unha vintena de excursionistas duns 10 ou 11 anos. Esperamos a que remataran o postre. Fixemos o noso aperitivo. Entramos a comer. Pedimos entrantes de primeiro e de segundo un prato algo moi tradicional: cordeiro a lume lento en cazola de barro. Comimos. Por unanimidade, un 10.



Rematada a comida tocou desfacer o camiño andado, facer algunha compra de última hora, tirar tres ou catro fotos...

Subimos ao taxi. Os condutores tiñan información sobre un atasco na estrada principal de acceso a Tirana. Optaron por volver por entre camiños entre pequenas aldeas e vilas.

Entramos mesmo no corazón de Albania. A vida que se miraba a través da fiestra era moi diferente á vivida no centro da capital. Foi volver aos anos 70 de Portugal, ou mesmos aos nosos.

Queda moito por facer en Albania. Están niso...

Venres 12 maio



Albanian National Film Archive
<http://www.aqshf.gov.al/?lng=en>



O Albanian National Film Archive (CSFA) é o depositario legal da produción cinematográfica albanesa. Hermenilda Troque, enxeñeira química do Departamento de cinematografía, foi a nosa antitriona.




Hermenilda amosounos o museo e levounos aos anos 20´s-60´s a través de pósters de películas, proxectores de cine de orixe ruso ou chinés, moviolas e outro tipo de equipamento técnico.



Visitamos a renovada sala de cine e ofreceuse a proxectar privadamente para as nosas alumnas algún dos documentais de arquivo que fosen de interese para o seu proxecto audiovisual.



O arquivo cinematográfico central conserva actualmente unhas 6420 películas albanesas e estranxeiras.



Para a conservación dos filmes dispoñen de depósitos acondicionados con temperaturas estables a 10 graos centígrados para as películas en branco e negro e a 6 graos centígrados para as películas en cor. En ámbolos casos a taxa de humidade é do 55-60%.



Na seguinte fotografía, Nora, Mencía e Jimena visitan unha das dependencias do arquivo.



Rematada a visita ao depósito fílmico subimos á zona administrativa da Filmoteca. Coñecemos a Eriona Vyshka, responsable de Editorial e redactora da información publicada na web da filmoteca.

Eriona describiunos o protocolo de solicitude de visionado de filmes de arquivo on-line e ofreceu ás nosas alumnas unha clave de acceso para consultar información da web e para visionar os filmes de arquivo que considerasen.

Na web da Institución pode consultarse os servizos que ofrecen <http://www.aqshf.gov.al/arkiva-1-1.html>

Estaba avanzada a mañá, seguimos coa visita. Entramos nunha sala na que un operario estaba dixitalizando fotografías, non lembro o seu nome, vaia desde esta memoria o meu agradecemento. Tivo a amabilidade de explicarnos o proceso de dixitalización de fotografía e de material gráfico.



A colección fotográfica conta con máis de 6000 fotos procedentes da colección dos Estudos Cinematográficos Albaneses, que se remontan a 1900 e que abarcan personalidades históricas, políticas e culturais, imaxes da Primeira e da Segunda Guerra Mundial, e tamén fotos da historia dos Estudos Cinematográficos Albaneses.

O persoal interesado pode consultar as fotografías na súa [web](#).



Ás veces o tempo dedicado e o traballo de preparación de visitas deste tipo non alcanza para descubrir fontes de información significativas, vai un exemplo.

Durante a visita enterámonos que Mark Cousins, director da serie documental "The story of film" fixo un documental no ano 2013 sobre o estado da filmoteca de Albania, o título "Here be dragons".

Daquela, para vindeiras visitas é altamente recomendable que o profesorado ou alumnado visitante visionase previamente este documental.

Finalmente,

esta filmoteca e a produción de Marc Cousins actualiza as palabras de Patricio Guzmán:

"un país sin cine documental (ou de ficción, engado eu) é como unha familia sin album de fotos".

Albania ten pasado e presente. Imos velo.





NATIONAL FILM CENTER

<http://nationalfilmcenter.gov.al/index.php/kontakt/stafi/>

O National Film Centre de Albania é a Institución homóloga ao ICAA de España.

É importante ter bos porteiros para que nos reciban cos brazos abertos, foi o caso. Eno Milkani, o noso guía, é actualmente profesor na Universidade pero tamén produtor e director cinematográfico. O seu contacto na Nacional Film Center era Arben Lami, o Director executivo.

Chegamos á hora prevista, recibíunos Ediela Pasdite. Presentámosmos, entramos na sala da reunión e en nada chegou Arben. Fixemos esta foto:




Tiñamos moito e pouco que preguntar, fumos por partes. Falamos sobre a Identidade, funcións e responsabilidade do Albanian National Center e da súa relacións coa Formación.

Foron explícitos, recomendaronos consultar a súa web. Toda a produción entre 2020 e 2023 pode consultarse neste enlace: <http://nationalfilmcenter.gov.al/wp-content/uploads/2023/07/Albanian-Films-Production-2021-2023.pdf>

A síntese, en datos, a produción en Albania dos dous últimos anos foi:

2021

Longametraxes de ficción: 3.



Produción minoritaria de capital Albanés: 4.

Documentais:	Curtametraxes	Curtametraxes de animación	Curtametraxes Formación
7	8	1	6

Curtametraxes de formación: 6.

Título Autor

Saze Eva Marku
 Batim Mauro Zace
 Aiad Rolanda Nika
 Why not? Tedi Arifi
 Faded Light Klaudia Pashnjari
 Resurrection Rigers Shimaj

2022

Longametraxes de ficción: 2.



Produccións con capital albanés minoritario: 3.

Documentais:	Curtametraxes	Currtrametraxes de animación	Curtametraxes Formación
2	3	4	6

Curtametraxes Formación: 6.



Título	Autor
--------	-------

FÉMIJA Enton Lazaj
PLATLINE Fatjona Katroschi
Pune me zarar Ardit Vila
The strange case of Theresita Renis Hyka
Shkrepe Edinjo Jahja
Lucid Enkel Mema

Certo, pouca produción. Para nós, o exemplar da súa actividade pode ser a cooperación entre a Universidade de Arteve e o Centro Nacional de Cinematografía.

O alumnado do MASTER dirixe cada ano 6 curtametraxes financiadas polo Centro nacional de cinematografía e producidas por unha empresa de produción audiovisual externa á Universidade.

As producións dos anos 2021 e 2022 foron:



Xa que logo, poderíamos seguir o seu exemplo. Desde CIFP Imaxe e son poderíamos solicitar un encontro con AGADIC para propor o financiamento de producións audiovisuais para o noso alumnado de segundo curso ou titulado.

Tamén podería ser de interese para o colectivo da escola programar o visionado dalgunha das curtas albanesas e ter unha charla cos autores. Sería un paso máis adiante para desenvolver no futuro proxectos conxuntos.

Rematada a reunión Arben Lami entregoume unha tarxeta de presentación.



* *Asunto pendientes:*
a) *Modelo orzamento*
b) *Criterios selección proyectos.*
c) *Documentación que se necesitan presentar.*

Quedaban deberes por hacer: consultar as convocatorias de subvención existentes en Albania, analizar a documentación solicitada, os criterios de selección, o modelo de orzamento, as axudas internacionais... Todo, está na súa web.

E máis cousas. Para vindeiras mobilidades pode ser de interese que as persoas beneficiarias consulten:

Produtoras de Albania

<http://nationalfilmcenter.gov.al/index.php/producentet/>

Estudios de rodaxe/gravación

<http://nationalfilmcenter.gov.al/index.php/rental-studios/>

Financiamento / Europa

The South Eastern Europe Cinema Network (SEE Cinema Network)

<https://seecinema.net/>

Festivales de cinematografía

<http://nationalfilmcenter.gov.al/index.php/film-festivals-in-albania/>


Escuelas de cine/video

<http://nationalfilmcenter.gov.al/index.php/shkolla-shqiptare-te-filmit/>

A mañá chegaba ao seu fin. Jimena, Mencía, Nora e máis eu subimos ao coche conducido por Eno Milkani dirección á Universidade. Pasaban lentas as fachadas do norte de Tirana, había tráfico. Aparcamos, baixamos do coche. Agradecementos de despedida.

Fin.

Proposta de actividades:



Lazio Digital_ Roma.

> Propiciar un encontro entre titorías e profesorado de videoxogos dos dous centros.

Scuola Nazionale de cinema. Roma

> Solicitar mobilidades job shadowing de calquera especialidade da escola para o curso 23-24.

> Vision do e traballos de alumnado da Scuola e conferencia vía webex co alumnado.

Universititi i Arteve. Tirana.

> Solicitar mobilidades de profesorado nas especialidades do Ciclo formativo de Realización de audiovisuais e espectáculos.

> Visionado de traballos de alumnado do MÁSTER e conferencia vía webex cos autores das curtametraxes.

> Cooperar na fase de preproducción, rodaxe e montaxe dos proxectos de curtametraxe de MASTER financiados polo Centro de Cinematografía albanés.

Elemental Films.

> Prácticas de Producción de documentais.

Ópera de Albania.

> Prácticas de producción teatral.

Visitas pendentas recomendadas:

> Televisión de Tirana. RTSH.

<https://rtsh.al/>

> Centro experimental de teatro.

National Experimental Theater "Kujtim Spahivogli"

> Escuela de cine.

<https://afmm.edu.al/>

A Coruña, xullo 2023.



**Cofinanciado por
la Unión Europea**